# 46. Durangoko Euskal Liburu eta Disko azoka

2011ko abenduaren 4tik 8ra

# 46 Feira do Libro e do Disco Vasco de Durango

4-8 de decembro 2011

## Kultura Galegoa ohorezko gonbidatua

### A cultura Galega convidada de honor

CULTURGAL FEIRA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS

XUNTA DE GALICIA

*Culturgal é a máis importante entidade profesional do sector cultural galego, un esforzo colectivo do que forman parte as asociacións máis representativas do mundo do libro, a música, as artes escénicas, o audiovisual e as novas tecnoloxías. Culturgal é unha ferramenta vertebradora, que contribúe a xerar ideas, a buscar sinerxias e a transformar en oportunidades de futuro as dificultades do presente. Culturgal viaxa á Durango Azoka con esta filosofía transversal por bandeira, respondendo ao convite de Gerediaga cunha mostra multisectorial da cultura galega actual. Para facelo, conta co apoio económico ofrecido pola Xunta de Galicia a través da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC).*

*A nosa actividade principal, a Feira das Industrias Culturais de Galicia, inspírase en gran medida en iniciativas tan senlleiras como a Feira do Libro e do Disco Vasco, unha cita de referencia que admiramos polo seu éxito de público e pola súa perseverancia no tempo. A vosa "azoka" é un modelo a seguir*

*Euskadi e Galicia teñen tamén históricos puntos de conexión e quixemos aproveitar esta oportunidade para afondar neses espazos de encontro, presentándolle ao público de Durango proxectos galegos que colaboran activamente con axentes culturais vascos, tanto dende o punto de vista da creación colectiva como da relación entre empresas.*

*Abrimos, pois, con esta presencia como cultura convidada en Durango un camiño de ida e volta para o intercambio de creación en lingua propia, unha nova ruta de ideas e de oportunidades para as culturas galega e vasca.*

Culturgal Galizian kultura sektorean dabiltzan profesionalen erakunde nagusia da. Taldean egindako esfortzu batetik sortu da eta liburugintzan, musikagintzan, arte eszenikoetan, ikus-entzunezkoetan eta teknologia berrietan diharduten elkarteek osatzen dute. Culturgal ideiak sortu, sinergiak bilatu eta egungo zailtasunak etorkizuneko aukeretan bihurtzen laguntzen duen erraminta da.

Culturgalek Durangoko Azoka bisitatuko du oinarrian dugun zeharkako gure filosofia erakutsiz. Gerediagak egindako gonbiteari erantzunez egungo cultura galegoaren lagin anitza eramango dugu. Eta horretarako Galiziako Xuntaren laguntza ekonomikoa izan dugu, Agadic bitarteko (Kultur Industrien Agentzia Galegoa).

Gure ekimen nagusia Galiziako kultur industrien Azoka antolatzea da. Euskal Liburu eta Disko Azoka moduko ekimen berezian oinarritu gara. Asko miresten dugun Azoka da, bisitarien arrakastagatik eta denboran iraun duelako. Zuen "Azoka" eredua da guretzat.

Euskadik eta Galiziak historikoki ere bateraguneak izan dituzte. Aukera hau aprobetxatu nahi izan dugu elkargune horietan sakontzeko. Euskal Herriko kultur eragileekin batera lan egin duten proiektu eta ekimen galegoak aurkeztuko ditugu. Expresen arteko harremanak eta sorkuntza kolektiboan eragin dugu.

Durangon kultura gonbidatua garenetik, joan-etorriko elkartrukerako bidea zabaldu nahi dugu: norbere hizkuntzan, ideien ibilbide berri bat eta euskal kulturarentzat zein galegoarentzat aukera berriak.

## Eskerrik asko. Beizóns, Durango!

**Xulio Amigo.** Presidente do Culturgal





# ABENDUAK 4
# 4 DE DECEMBRO

**Inaugurazio ekitaldia**
**Acto inaugural**
ARETOA / 12:00

## Galizia denak gara

### Galicia somos todos

■ Durangoko Azokaren inaugurazio ekitaldian Euskal Herriko eta Galiziako erakundeetako ordezkariak izango dira. Galiziako ordezkaria Juan Carlos Fasero Agadic-eko kudeatzailea izango da. Ekitaldiaren amaieran, Anton Reixa sortzaileak hitzegingo du.

Antón Reixa (Vigo, 1957) Galiziako kulturgintzan funtsezko pertsona da, polifazetikoena eta berritzaileenetako bat delako. Poesia, telebista, zinea, musika, ez dago egingo ez duenik. 80ko eta 90eko hamarkadetan hiru musika taldetako kidea izan zen (Siniestro Total, Os Resentidos eta Nación Reixa). Gaur egun Filmanova ekoiztetxeko presidentea da.

■ *No acto inaugural do Durango Azoka estarán presentes integrantes das institucións vascas e galegas, representada esta última polo xerente de Agadic, Juan Carlos Fasero. Ao final do acto falará o creador galego Antón Reixa.*

*Antón Reixa (Vigo, 1957) é un dos personaxes indispensable do ámbito cultural galego, por ser un dos máis polifacéticos e innovadores. Poesía, televisión, cinema, música, non hai nada que se lle resista. Entre os 80 e os 90 conformou tres bandas de música (Siniestro Total, Os Resentidos e Nación Reixa) coas que acadou gran popularidade. Actualmente es presidente de la productora Filmanova.*

# ABENDUAK 4
# 4 DE DECEMBRO

## Olerki Emanaldia

ARETOA / 18:30

# "Euskaraz eta galegoz"

■ Harkaitz Cano, Leire Bilbao eta Urtzi Urrutikoetxea euskal idazleek galegora itzulitako euren olerkien errezitaldia eskeiniko dute bi hizkuntzetan.

■ *Os escritores vascos Harkaitz Cano, Leire Bilbao e Urtzi Urrutikoetxea ofrecerán un recital de poesía, no que lerán os seus poemas escritos en euskera e de seguido traducidos ao galego.*





## ABENDUAK 5
## 5 DE DECEMBRO

**Berriketaldia**
ARETOA / 13:00

# "Galegoz eta euskaraz, Galizia eta Euskal Herriaz?"

## En Galego e Euskara, sobre Galicia e Euskal Herria

**Ponentes:** Dario Xohan Cabana, Pako Aristi y Xose Estevez
**Relataroes:** Dario Xohan Cabana, Pako Aristi e Xosé Estévez

Dario Xohan Cabana idazle galegoak eta Pako Aristi euskaldunak idazteaz eta hizkuntza bietan literaturak bizi duen egoeraz solasaldia konpartituko dute. Euskal Herrian bizi den Xose Estevez idazle galiziarra izango dute zirikatzaile.

*O escritor galego Darío Xohan Cabana e o euskaldun Pako Aristi, conversarán sobre o oficio de escribir e a situación da literatura en ámbaslas dúas linguas. Acompáñaos nas labores de moderador o doutor e escritor galego, residente en Euskadi, Xosé Estévez.*







*Xosé Reigosa*

## ABENDUAK 6
## 6 DE DECEMBRO

**Animaziozko ikuskizuna**
HAUR LITERATURA ARETOA
17:00

# Gálix e Galtzagorri

## Sesión de animación con escritores vascos e galegos

Galix eta Galtzagorri ume eta gazteen artean galegoz eta euskaraz kultura sustatzea helburu duten bi elkarte dira, eta biek ere literatura dute lan tresna nagusi.

Galiziatik etorritako Concha Blanco, Perre Tobaruela eta Ledicia Costas idazleekin batera, Pako Aristi, Castillo Suarez eta Felipe Juaristik ipuin kontaketa saioan parte hartuko dute.

*Gálix é unha asociación que naceu no 89 para defender e promover a cultura e lingua galega a través da literatura infantil e xuvenil.*

*Os escritores galegos Concha Blanco, Pere Tobaruela e Ledicia Costas, xunto cos escritores vascos Pako Aristi, Castillo Suarez e Felipe Juaristi realizarán unha sesión de animación de contos.*





## ABENDUAK 6-7 | 6-7 DE DECEMBRO

**Tailerrak**

HAUR LITERATURA ARETOA

**Abenduak 6** 11:00 / 13:00 / 16:00 / 19:00

**Abenduak 7** 11:00 / 16:00

# Caixiña de Mistos: Un misterio para Tintimán en Durango

Mr misto films y Santiago Jaureguizar

Mr Misto Durangora karabana batean helduko da. 2009tik hori da bere garraiobidea eta umeei zinearen magia erakutsiko die. A Caixina de Mistos izango da Azokan bere etxea; munduan umeei zuzenduta dagoen eta roulotte baten barruan dagoen zinema areto bakarra.

*Mr Misto chegará a Durango en caravana, medio de transporte que leva empregando desde o 2009 para amosar aos nenos e as nenas a maxia do cinema. A base das súas actividades na feira será A Caixiña de Mistos, o único cinema do mundo instalado nunha roulotte na que se proxectan películas para público infantil.*



# ABENDUAK 7 | 7 DE DECEMBRO

**Mahaingurua**

SZENATOKIA-SAN AGUSTIN KULTUR GUNEA / 18:00

## Hizkuntza gutxituak eta antzerkigintza

### Encontro Artes Escénicas

■ Artur Trillo Talía Teatro taldeko kideak euskal antzerkigile batekin batera Galegoz eta euskaraz ekoizten diren antzerki lanen eta antzerkizaletasunari buruz hitzegingo du.

Artur Trillo Sendón aktorea, zuzendaria eta antzerki ekoizlea da. 88An Talía Teatro sortu zuen Toño Casaisekin batera eta urtean 90 eta 130 emanaldi artean egiten dituzten. Azkenengo lanarekin Bicos na Lingua 300 emanaldi gainditu dituzte.



■ *Mesa redonda na que Artur Trillo, representante de Talía Teatro, debaterá cun creador vasco sobre o teatro e as "linguas minorizadas".*

*Artur Trillo Sendón é actor, director e produtor teatral. Empezou a traballar no teatro de moi novo e no ano 88 constituíu xunto a Toño Casais a compañía Talía Teatro, coa que representan entre 90 e 130 funcións ao ano, pero cunha das súas últimas representacións, Bicos na lingua, chegou xa as 300.*



## ABENDUAK 7 | 7 DE DECEMBRO

**Berriketaldia**

ARETOA / 12:30

# “Idazleak Galeuscan: iragana eta etorkizuna”

## “Os escritores e o Galeusca. O seu pasado e o seu futuro”

Asociación Escritores en Lingua Galegaren izenean Xosé Estevezek eta Euskal Idazleen Elkartetik Fito Rodriguezek Galeuscaren 28 urteko historia eta etorkizunerako erronkak izango dituzten hizpide.

Galeusca literatura galegoa, euskalduna eta katalana jorratzen duten idazleak batzen dituen topaketa da. 2008. urtean Federazioa sortu zuten hiru kulturetako sortzaileen arteko hartuemanak sendotzeko.

*A Asociación Escritores en Lingua Galega (AELG), cos seus homólogos vascos de EIE, participarán nunha mesa redonda sobre os 28 anos de historia de Galeusca e o seu futuro próximo. Xosé Estévez representará a AELG e Fito Rodríguez a EIE.*

*Galeusca é un encontro anual de escritores e escritoras que reúne a representantes de literatura galega, vasca e catalá e que organiza de forma rotativa cada unha das asociacións de escritores. No 2008 constituíuse a Federación Galeusca para establecer relacións produtivas e estables entre os creadores das tres culturas.*

# ABENDUAK 7 | 7 DE DECEMBRO

**Joko multimedia**
**Xogo multimedia educativo en galego - euskera – inglés**
HAUR LITERATURA ARETOA / 17:30

## ZooLoco ou Zoo Zoroa

Imaxin + Elhuyar Fundazioa

Galiziako Imaxin eta Euskal Herriko Elhuyar Fundazioak elkarrekin hiru hizkuntzetarako garatu duten joko multimedia aurkeztuko dute. ZooLoco ou Zoo Zoroa proiektuaren aurkezpenaren ostean, gaztetxoenek probatzeko aukera izango dute. 3 eta 6 urte arteko umeei zuzendutako jokoa da eta teknologia berrietan euren lehen pausuak emoteko lagungarri izango da.

*A empresa galega Imaxin|software e a vasca Elhuyar Fundazioa de Usurbil (Gipuzkoa) presentan o multimedia educativo ZooLoco ou Zoo Zoroa, que realizaron conxuntamente. Tras a presentación, realizarase un taller lúdico. ZooLoco está pensado para nenos e nenas de entre 3 a 6 anos, co obxectivo de ofrecerlles un primeiro achegamento aos usos das novas tecnoloxías*



# ABENDUAK 8 | 8 DE DECEMBRO

## Galiziako ikus-entzunezkoak
## Audiovisuales galegos

IRUDIENEA

Talde galiziarren musiklipak, galegoz egindako laburmetrajeak eta "Digna Rabia" Franco garaiko emakum galiziarren historiari buruzko dokumentala eskeiniko dira egunean zehar.

*Vídeos musicais galegos, curtametraxes e o documental "Digna Rabia", que mostra a historia das mulleres galegas na época franquista. Durante todo o día.*

11:00 **Musiklip galegoak**
**Musiklip galegos**

12:00 / 18:30 **Laburmetrajeak**
**Cortometrajes**

GATO ENCERRADO
Peque Varela, 2010. 12´

RADIOGRAFIA DUN AUTOR DE TEBEOS
Marcos Nine, 2010. 20 ´

INSTALACION
Xose Diaz, 2010. 14´ 22´´

ESTEREOSCOPIA
Xacio Baño, 2011. 12´

BIRDBOY
Alberto Vazquez-Pedro Rivero, 2011. 12´

13:30 **Dokumentala**
**Documental**
"DIGNA RABIA"

# DIGNA RABIA


UN DOCUMENTAL DA ASOCIACIÓN
MEMORIA HISTÓRICA
DO 36 DE PONTEAREAS





## ABENDUAK 8
## 8 DE DECEMBRO

### AURKEZPENA
ARETOA / 16:00

# "Soinuaren garrantzia"
## A importancia do son

### Sinsalaudio

Vigoko Sinsalaudio kolektiboak eta abian duten eskolak gaur egungo gizartearen memoria akustikoa berreskuratzeko lanean dihardu. Ume zein nagusiek soinua esperimentatu eta ikusi daitekeenetik harago aztertzeko gonbitea luzatzen dute. Duela zazpi urte Sinsal Jaialdia antolatzen dute Galiziako hiri ezberdinetan.

*O Colectivo Sinsalaudio de Vigo, do que forman parte Chiu Longina e Julio Gómez, naceu no ano 2006, entre as actividades paralelas do Festival Sinsal, un evento que se organiza en distintas cidades de Galicia desde fai sete anos. A Escola Sinsal é un proxecto educativo enfocado a recuperar a memoria acústica da sociedade contemporánea, que busca que tanto os nenos como os adultos experimenten co son, analicen e fixen a súa atención máis aló do visual, moi de moda nesta época.*

# ABENDUAK 8
# 8 DE DECEMBRO

## Azoka Amaiera Jaia – Kontzertua
## Clausura da feira

PLATERUENA / 20:00

# “Acrobatak”

## Ugia Pedreira, Fred Martins e Mikel Urdangarin

Ugia Pedreira eta Fred Martins-ek 2011. urtean Rio Janeiron izan zen musikarien topaketa batean “Acrobata” diskoa grabatu zuten. Herri musika dute lan tresna nagusi. Durangoko ekitaldirako Mikel Urdangarin euskal musikaria batuko zaie. Akrobatak izenarekin mestizaia artistikoaren eraskuleak izango dira.

*Os compositores Ugia Pedreira e Fred Martins gravaron este verán 2011 o seu disco Acrobata, resultado dunha unión artística natural, nada tras un encontro entre músicos que tivo lugar en Río de Janeiro. O traballo musical está repleto de composicións orixinais de ambos os músicos, introspectivo e sinxelo, íntimo. Este encontro entre o norte de Galicia e Rio de Janeiro navega entre os dous extremos que delimita a sensibilidade e a forza. Neste mesmo momento atopan a súa alma xemelga en Euskadi, o autor vasco Mikel Urdangarin. Os tres compositores comparten o coñecemento e o amor pola música popular dos seus pobos. Eles tres forman Akrobatak e reuniranse en Durango para mostrar o mellor da mestizaxe artística.*





Durangaldeko Adiskideen

gerediaga elkartea

CUL TUR GAL FEIRA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS

2011 ano da música

AGADIC Axencia Galega das Industrias Culturais

XUNTA DE GALICIA